

FACENDO CAMPAÑA 2 REDES SOCIAIS

Con esta actividade traballamos

Responsabilidade fronte ao malgasto de alimentos.
Responsabilidade como consumidores.
Pautas para evitar tirar alimentos.
Realización dunha campaña informativa en RRSS.
Os ODS 2, 12, 14 e 15.

Durará

A duración dependerá das necesidades.

Necesitaremos

Información extraída das actividades "Desperdicio de alimentos" e "Malgasto caseiro".
Follas de traballo do Anexo.
Vídeos para o seu visionamento en clase:
"La huella del desperdicio de alimentos"
"La huella del desperdicio de alimentos 2" ambos da FAO.
"El desperdicio" patrocinado por WWF

Ciclos: 2, 3

Consideracións previas

No caso de que non se realizaron as actividades "Desperdicio de alimentos" e "Malgasto caseiro", é importante o visionamento dos vídeos que propoñemos.

Ter presente que na 2ª fase da actividade, pode ser necesario que utilicen teléfonos móbiles, para o que terán que solicitarse os permisos necesarios.

Esta é unha actividade moi adecuada para realizar clipmetraxes e logo difundilas.

Desenvolvemento

1ª fase

En caso de non verse antes, proxectar os vídeos, deténdose cando sexa necesario e resolvendo as dúbidas que poidan xurdir para que se comprenda todo o contido.

Dividir a clase en grupos e explicar a actividade para realizar:

"Vimos o importante que é o desperdicio de alimentos e a responsabilidade que temos os/as consumidores/as neste tema. Somos un elo máis na cadea da inxustiza da fame. Debemos adoptar unha postura responsable, tomar partido, actuar, porque está na nosa man cambiar as cousas.

Os grupos debedes pensar accións concretas que nos permitan acabar co malgasto de alimentos na nosa contorna, elaborando un decálogo cos pasos máis importantes a seguir".

Repartir as follas de traballo e deixar que os grupos elaboren o seu decálogo.

Cando todos os grupos teñen as súas accións terminadas, unha persoa de cada grupo explica a súa proposta. Reflexionar sobre os seus contidos, de maneira que sexan o máis adecuados e prácticos posible.

2ª fase

Agora crearemos unha “Campaña de Difusión en Redes Sociais” co obxectivo de que a mensaxe dos decálogos chegue ao maior número de persoas posible.

- Para iso, cada grupo deberá plasmar a mensaxe da maneira que considere (imaxes dixitais, vídeo, audio, ...), sendo o máis creativos posible.
- A mensaxe deberá incluír algunha reflexión sobre o malgasto de alimentos e os puntos do decálogo elaborado. Deben expor unha serie de advertencias e mensaxes curtos e fáciles de difundir, para informar e sensibilizar
- Deberán, tamén decidir que redes van utilizar (Whatsapp, Snapchat, Instagram...), cales serán máis eficaces, que formato será o máis adecuado, etc.

É importante que, ao finalizar a Campaña, fagan unha avaliación da mesma e valoren o seu impacto: nivel de resposta, seguidores, comentarios, gústame, cantas persoas compartiron as publicacións, interaccións, etc.